

CAMPAMENTOS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA: VILARBÓ 2.019

"PARA NENOS/AS DO CONCELLO DO BARCO"



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
CONCELLARÍA DE DEPORTES E XUVENTUDE



EN QUE CONSISTEN ESTOS CAMPAMENTOS EN VILARBÓ?

O Concello de As Pontes ofreceunos a posibilidade de facer un campamento intermunicipal con máis concellos, no que participarán nenos e nenas de outros 4 concellos como son As Pontes, Malpica, Viana e Arteixo.

LUGAR DE REALIZACIÓN: en Vilarbó, que está situado en plena fraga atlántica pertencente ás Fragas do Eume, e aínda non forma parte da extensión do parque conta coas súas características.

CAMPAMENTO MULTIAVENTURA

Para nenos/as de 12 a 17 anos de idade.

Do 5 ao 17 de xullo. **Prezo:** 249€ (*inclúe transporte)

Actividades: deportes de auga, canoa, paintball, volei, roteiro, descenso do Eume, medio ambiente, noite de vivaque, animación, visita Ás Pontes, gimkana, xogos (scaperoom, far fan...)

CAMPAMENTO ROBINSON

Para nenos e nenas de 6 a 11 anos de idade.

Do 19 a 26 de xullo. **Prezo:** 178€ (sen transporte)

Actividades: actividades acuáticas, canoa, splatmaster, mundoxogos, obradoiro de cor, artelladas, quidish, obradoiro de natureza, roteiro, obradoiro de ritmo, gymkana, rastreo, visita a As Pontes, animación...

A QUE ESTÁS AGARDANDO?



INSTALACIÓNS: A dormida dos nenos/as e dos monitores será en tendas de campaña. As tendas son grandes, tipo jumara. Contarán con instalacións fixas para: comedor, cociña, aseos, duchas, 2 ocios de talleres, sanidade e dirección. Habará un bungalow dormitorio de 12 prazas para empregalo en caso de que algún dos nenos/as enferme.

NÚMERO DE PRAZAS: **Campamento Multiaventura:** 22 prazas
Campamento Robinson: 10 prazas



PREINSCRICIÓNS E AXUDICACIÓN DE PRAZAS:

O sistema que se empregará este ano seguirá as seguintes fases:

FASE 1 "PREINSCRICIÓN": o venres 14 de xuño en horario de 8.30 a 15.00 tódolos/as interesados/as deberán achegarse ao **3º andar do Edificio Multiusos**, ou chamar ao 988-320202 extensión 1122, e facilitar os seguintes datos para formalizar a FASE DE PREINSCRICIÓN: nome e apelidos do neno/a, DNI, data de nacemento, e se se atopa empadroado no Concello do Barco (**será obrigatoria esta condición. Si non se cumprixe este requisito, poderase formalizar a preinscrición igualmente, por si existisen prazas libre ou ampliación das mesmas. O Concello comprobará a veracidade desta condición.*)

Nese momento comunicáraselle un número correspondente a súa preinscrición (aos membros da mesma unidade familiar –irmáns- asignáraselle o mesmo número).



FASE 2 "REUNIÓN PARA REPARTO DE PRAZAS": o luns 17 de xuño ás 14.00hrs no salón do 3º andar do Edificio Multiusos, realizarase unha reunión na que:

-Se o número de preinscricións é igual ao número de prazas das que dispomos, farase comunicado desta situación e informaráselle a todos/as do sistema de matrícula (entregaranse xa os impresos de matriculación...)

-Se o número de preinscricións é superior ao número de prazas, e non se puideron conseguir máis, procederase a un SORTEO que se rexerá polas seguintes normas:

1. Introducirase nunha caixa unha papeleta con cada número de preinscricións existentes en cada campamento.
2. Extraerase unha única papeleta que marcará o número dende o cal se empezarán a contar as prazas existentes para seren adxudicadas (exemplo: se saíse o número 8, as prazas corresponderían aos números dende 8 ata 29 (no caso do Multiaventura) e ata o 17 (no caso do Robinson)- se existisen irmáns dentro destes números iríanse restando prazas do número 29 e do 17 cara atrás).
3. Farase entrega dos formularios de matriculación, e informarase dos prazos de entrega dos mesmos debidamente cumprimentados.

Se non fose preciso realizar sorteo e quedasen prazas libres, neste momento outorgáraselle as mesmas aos mozos/as non empadroados que se tivesen preinscrito, seguindo orde de preinscrición.



PARA MÁIS INFORMACIÓN:

Chamando ao 988-320202 extensión 1122

Mandando un mail a: juventudydeporte@concellodobarco.org

